



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Bases reguladoras do Programa de subvencións a asociacións protectoras de animais domésticos da provincia da Coruña para a realización de investimentos durante o ano 2026 (DP0037/2026)

ANUNCIO

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa de subvencións a asociacións protectoras de animais domésticos da provincia da Coruña para a realización de investimentos durante o ano 2026, cuxo texto se transcribe:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS – ANO 2026

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección	Sección de Desenvolvemento Territorial, Coop. e Medio Ambiente
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións a asociacións protectoras de animais domésticos da provincia da Coruña para a realización de investimentos
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña
Programa	DP0037
Aplicación orzamentaria	0520/17221/781
Importe da convocatoria	50.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo: 2.000,00 € Máximo: 20.000,00 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coefficiente de financiamento	Variable entre 0,20 e 0,80
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Exposición de motivos

O artigo 1 do Convenio Europeo sobre protección de animais de compañía, feito en Estrasburgo o 13 de novembro de 1987, e asinado por España o 9 de outubro de 2015 entende por refuxio para animais aquel establecemento que, sen finalidade lucrativa, poida acoller animais de compañía en número considerable.

É necesario lembrar que a responsabilidade da xestión, coidado e salvagarda de animais en situación de abandono pertence ás Administracións Públicas e son as entidades de protección animal as que suplen en moitas ocasións dita xestión, asumindo os custos e o mantemento dos animais. Neste senso, non debe esquecerse a recente reforma do código civil, no cal, agora, a relación da persoa e o animal (sexa este de compañía, doméstico, silvestre ou salvaxe) ha de ser modulada pola calidade de ser dotado de sensibilidade, de modo que os dereitos e facultades sobre os animais han de ser exercitados atendendo ao benestar e a protección do animal, evitando os malos tratos, o abandono e a provocación dunha morte cruel ou innecesaria.

Por todo iso, enténdense necesarias as axudas a un sector e un colectivo que realiza unha tarefa de coidados de animais de maneira altruísta con implicacións na sanidade pública, na medida en que a súa actuación coaduxa ao labor das Administracións Públicas na loita e contra as enfermidades de transmisión animal, cuxo impacto no ser humano, a economía e a saúde pública quedou tristemente demostrada durante a pandemia da Covid-19.

As Administracións Públicas, na actualidade, non poderían asumir unha tarefa estruturada no sector das entidades de protección animal; dado que son miles as entidades que de maneira altruísta realizan unha actividade inxente de coidado e xestión de animais en situación de desamparo.

A Deputación Provincial da Coruña, en apoio ás asociacións protectoras de animais legalmente constituídas, ven de convocar anualmente a través dunha convocatoria en réxime de concorrència competitiva unha liña de subvencións para financiar os gastos relacionados coa protección de animais domésticos.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais.
- Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal.
- Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 5: “Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable”, e ao seus obxectivos operativos 0.27 (promover e apoiar accións contra o maltrato animal e a tenencia responsable de mascotas) e 0.28 (apoiar e impulsar accións de sensibilización, formación e información ambiental).

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións por parte da Deputación da Coruña, en réxime de concorrència competitiva, para financiar os gastos en investimentos relacionadas coa protección de animais domésticos que se realicen no ano 2026 por parte de asociacións privadas sen ánimo de lucro, de protección e defensa de animais domésticos, legalmente constituídas.

2.2 Finalidade

Os investimentos subvencionables deberán respectar as prioridades definidas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia e na Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais, relacionadas coa recollida, atención e coidado de animais de compañía pertencentes ás especies canina e felina.

2.3 Ámbito temporal

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes que sexan expedidos antes do **16 de xaneiro de 2027**.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar unha prórroga para a realización do investimento despois dunha petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o **15 de decembro de 2026 ás 14:00 h**.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos poderán incluírse os realizados con posterioridade ao **31 de decembro de 2026, con data límite para expedir os xustificantes do 15 de abril de 2027**.

Base 3. Solicitantes

Poderán participar na convocatoria as asociacións privadas sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no “**Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía**”.

Así mesmo, ademais dos previstos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP número 185, do 29 de setembro de 2025) e na Lei Xeral de Subvencións, é requisito esixible ás entidades solicitantes, que deberá estar cumprido antes da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, ter domicilio social ou oficina permanente na provincia da Coruña e que o proxecto obxecto da súa solicitude se desenvolva no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1 Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables os conceptos de gasto que se relacionan, sempre que se leven a cabo polas entidades beneficiarias en centros de recollida e aloxamento debidamente autorizados e rexistrados no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (REGANUZ) que estén situados na provincia da Coruña, admitíndose tamén os fogares de acollida temporal ou albergues utilizados habitualmente polas entidades beneficiarias.

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA
206	Aplicacións informáticas
210	Terreos e bens naturais
211	Construcións
214	Utillaxe
216	Mobiliario (material e equipos de oficina, coa excepción dos que deban figurar na conta 217).
217	Equipos para procesos de información (ordenadores e demais conxuntos electrónicos).
218	Elementos de transporte (vehículos e remolques: adquisición, adaptación, rotulación)

Consideracións respecto aos gastos subvencionables:

- Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto subvencionado.
- **Unicamente** serán obxecto de axuda os gastos de carácter **inventariable**, en ningún caso bens correntes.
- **Para a XUSTIFICACIÓN:**
 - **Na Relación clasificada dos Gastos :**
 - Para as **facturas**:
 1. Teranse que achegar as facturas ou documentos xustificativos correspondentes aos gastos efectivamente realizados.
 2. Terase que identificar ás personas acreedoras (nome da empresa e NIF) e os tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, data completa de emisión, data de pago -cando proceda-), concepto claro e conciso do gasto, o importe total da factura e o importe imputado ao proxecto) dos distintos conceptos de gastos subvencionables aprobados na solicitude.
 3. Cando a entidade ten a obriga de presentar declaración do IVE (realiza as liquidacións de IVE oportunas) só se imputará a base impoñible da factura (importe sen IVE)
 4. Cando a entidade non teña a obriga de presentar declaración do IVE, poderase imputar o importe total da factura (incluído o IVE)
 - **Se as obras se executan por administración**, na certificación de obra concretarase exclusivamente o importe da execución material (non poderá incorporarse, polo tanto, nin gastos xerais, nin o beneficio industrial nin o imposto sobre o valor engadido); non obstante poderá ser substituída ésta por facturas expedidas polos distintos provedores.
 - **Se as obras as executa un contratista adxudicatario**, a certificación de obra poderá conter os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE.

4.2 Gastos excluídos

Non se subvencionan en ningún caso os gastos seguintes:

- Gastos relacionados con material, publicidade e propaganda de concentracións e mobilizacións sociais ou políticas.
Tampouco se financiarán aqueles gastos relacionados con fundacións e asociacións vinculadas a partidos políticos, agás os que estean dirixidos ao funcionamento das mesmas e a actividades de estudo de desenvolvemento do pensamento político, social e cultural.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidades

As subvencións deste programa son **compatibles** con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea o de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar á Deputación a súa obtención.

As subvencións deste programa son **incompatibles** con outras subvencións do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, excepto co seguinte programa:

DP0035: Programa de subvencións a asociación protectoras de animais domésticos da provincia da Coruña para a realización de actividades durante o ano 2026. Porén, a suma de ambas as dúas achegas, se fora o caso, non poderá exceder de 25.000,00 €, tendo que reducirse éstas proporcionalmente ou a elección da entidade beneficiaria.

5.2 Exclusións

Non serán obxecto de subvención neste programa os seguintes investimentos:

- Os investimentos promovidos por persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Os investimentos promovidos por persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.
- As condutas tipificadas nos artigos 337 e 337 bis do código penal, que corresponden a delitos relativos á protección de animais domésticos.
- As obras, fases de obra e investimentos que non sexan susceptibles de entrega ao uso público.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma de presentación da solicitude será a que se indica nas Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1 Difusión do apoio da Deputación

A difusión do carácter público do financiamento levarase a cabo das seguintes formas:

- Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a **información** (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades subvencionadas.
- Faceren constar a colaboración co logotipo da deputación nas webs nas que participe a entidade, no caso de existir ésta. O logotipo está dispoñible no seguinte enderezo: <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>
- Calquera **comunicación ou publicación** das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír o logotipo da deputación.

Coa conta xustificativa a entidade presentará proba documental (fotografías, informe gráfico, enlaces, etc) sobre o cumprimento destas obrigas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Criterios de valoración

Son criterios de baremación do programa os seguintes:

CRITERIO	PTOS
Sede central (6) ou oficina permanente (3) na provincia da Coruña	6
Anos de experiencia no sector (dende a data de constitución): 2-4 anos: 4; 5-7: 6; 8 ou máis: 8	8
Capacidade de xestión na provincia da Coruña no 2025: 1-2 empregados: 3; 3-4: 4; 5 o máis: 5	5
Masa salarial dos empregados na provincia da Coruña no 2025: ata 7.500 €: 3; de 7.501-15.000 €: 4; máis de 15.000 €: 5	5
Número de socios na provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): 25-30: 2; 31-40: 4; 41-50: 6; 51 ou máis: 8	8
Persoal voluntario na provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): ata 15: 3; de 16-25: 4; de 26-40: 5; máis de 40: 6	6
Cans existentes a 15.11.2025, acollidos en centros propios e/ou xestionados a través de convenios de colaboración: ata 25: 5; entre 26-50: 10; entre 51-75: 15; entre 76-100: 20; máis de 100: 30	30
Gatos existentes a 15.11.2025, acollidos en centros propios e/ou xestionados a través de convenios de colaboración: ata 25: 5; entre 26-50: 10; entre 51-75: 15; máis de 75: 20	20
Financiación propia (respecto dos gastos sinalados na solicitude): ata o 10%: 6; entre 10,1-30%: 8; máis do 30%: 10	10
Emprego da lingua galega na redacción do proxecto	2

O importe da subvención estará comprendido entre os límites establecidos na convocatoria (de 2.000,00 € a 20.000,00 €), priorizando as solicitudes con maior puntuación, entre as que obteñan un mínimo de 30 puntos.

O importe concreto virá determinado polos puntos obtidos, que se corresponderán cunha porcentaxe sobre o importe solicitado, nunha escala que vai desde un mínimo de 30 puntos, ao que lle correspondería un 20% da cantidade solicitada, ata 80 puntos, a partir do cal se asignaría o 100%.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado.

8.2 Procedemento de concesión

O procedemento de concesión destas axudas será o de **concesión provisional/definitiva**, segundo o regulado nas Ordenanza xeral de subvencións e transferencias destas axudas.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

Base 9. Xustificación e pago

9.1 Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2027**, ás 14:00 horas.

Para as subvencións que teñan concedida unha prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 14 de maio de 2027, ás 14:00 horas.

9.2 Pago

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade xa rexistrada na Deputación da Coruña. De non existir este rexistro previo, a entidade deberá achegar a correspondente certificación dos seus datos bancarios.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN**ANEXO I - Documentación da solicitude****Declaracións:**

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude, os estatutos están adaptados á lexislación vixente e está inscrita no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) no caso de equipamentos ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- No caso de solicitar axuda para unha obra que se desenvolva en fases, a entidade que represento comprométese a que a fase para a que solicita a axuda sexa susceptible de utilización independente e declara que a entidade conta co financiamento necesario para desenvolver as seguintes fases.
- A entidade que represento, no caso de obras, declara que posúe a propiedade ou dereito real sobre o ben inmovible, ou no caso de arrendamento, que o prazo da súa vixencia é de cinco anos ou máis e ten autorización escrita do propietario para a realización das obras.
- No caso de obras, a entidade que represento comprométese á obtención das licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente.
- A entidade que represento comprométese, cando corresponda, a inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben aos fins previstos.
- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos investimentos aos fins que motivaron a concesión da subvención por un prazo de cinco anos, no caso de inmovibles ou de dous anos, en caso de bens inventariables.

Documentación:

- Formulario de solicitude (Anexo I) (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL).
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións coa Deputación, delegación e, se fora o caso, das persoas asociadas (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL).
- Acreditación do requisito previsto na base específica 3ª (inscripción no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa de Animais de Compañía).
- Memoria explicativa dos investimentos ou proxecto que se vai realizar. Máximo 15 páxinas.

A memoria explicativa terá que conter os seguintes apartados:

- Breve resumo do proxecto
- Identificación do/s investimento/s a realizar, con obxectivos claros
- Localización do investimento programado
- Cronograma dos investimentos, que terá que encadrarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.
- Memoria económica do proxecto, indicando e explicando os investimentos a realizar en cada un dos conceptos de gasto adaptados aos contidos na base específica 4ª.

(Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma SUBTeL na que será obrigatorio cubrir de maneira clara e concisa todos os apartados incluídos na mesma)

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- No caso de obras, resumo do orzamento de execución por capítulos ou unha memoria valorada. Cando o orzamento de execución da obra supere o límite do contrato menor (40.000€ IVE excluído,) deberán presentar necesariamente proxecto técnico, así como nos proxectos de contía inferior cando as obras afecten á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra.
- Valoración dos inmobles a adquirir subscrita por técnico competente.
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitud de autorización segundo o disposto no artigo 29.7.d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL)
- Estatutos da entidade solicitante adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente (Deberá achegar unha copia dos estatutos vixentes. Se a entidade solicitante xa constara rexistrada no ficheiro de terceiros da Deputación non será necesaria a entrega deste documento)

ANEXO II - Documentación xustificación**Declaracións:**

- A entidade que represento deu cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da entidade.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consente en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha redución do importe da sanción dun 90%).
- A entidade que represento declara que inscribiu o ben no rexistro público correspondente con indicación da subvención obtida e do período da adscrición ás fins previstas, alomenos durante cinco anos no caso de inmoables, ou de dous, no caso de bens inventariables.
- A entidade que represento declara que obtivo as licenzas preceptivas e do cumprimento das normas contractuais e urbanísticas que fosen procedentes.

Documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Memoria dos investimentos realizados (Para confeccionar este documento dispón dun modelo na plataforma SUBTeL na que será obrigatorio cubrir de maneira clara e concisa todos os seus apartados).
- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez detallados os gastos realizados con cargo á subvención no apartado correspondente da xustificación. En cada gasto rexistrado deberá anexarse a factura ou documento xustificativo correspondente ao dito gasto.
- Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade. (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL).
- Declaración da situación da entidade respecto do IVE (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeLI).
- Acreditación da difusión dada á colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña a través de calquera medio que permita deixar constancia así como a inclusión do logotipo da Deputación na páxina web da entidade no caso de existir ésta.
- Reportaxe fotográfica dos investimentos realizados.
- No caso de que a entidade beneficiaria contratase cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído), no caso de prestación de servizos ou subministracións, ou superior a 40.000€ (IVE excluído), nos contratos de obras, deberá achegar copia dos tres orzamentos solicitados e a motivación da contratación da empresa seleccionada, no caso de que non sexa a máis económica.

Documentación adicional no caso de equipamentos:

- Certificación da recepción do equipamento, detallando os bens adquiridos e indicando que se incluíron no libro do inventario da entidade.

Documentación adicional no caso de obras:

- Acta de recepción da obra, identificando as obras realizadas.
- Proxecto técnico ou memoria valorada, cando as normas específicas o requiran.
- Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.

Documentación adicional adquisición de inmoables:

- Escritura pública de adquisición.

Documentación adicional adquisición de vehículos:

- Inscripción da titularidade no rexistro público correspondente.

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación Provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

A Coruña, 6 de novembro de 2025

O Presidente,

Valentín González Formoso

O Secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez

2025/7352